

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS+ KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026

ANTECEDENTES

De acordo coa Convocatoria de Bolsas Erasmus+ KA131-HED para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) no período marzo/abril de 2025, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o día 16 de outubro de 2025, procédese á valoración das solicitudes presentadas dentro do prazo establecido (do 17 de outubro ao 17 de novembro de 2025).

O proceso de selección realizouse conforme aos criterios fixados na convocatoria, tendo en conta:

1. Expediente académico **(30 %)**
2. Coñecemento de idiomas **(30 %)**
3. Autonomía persoal, responsabilidade e motivación **(25 %)**
4. Documentación complementaria **(15 %)**
 - a. Currículum Vitae en formato Europass
 - b. Carta de motivación

VALORACIÓN

Unha vez revisadas e avaliadas todas as solicitudes pola comisión avaliadora, obtéñense as seguintes puntuacións provisionais (ver na seguinte páxina).

IMPORTANTE:

A versión completa con tódalas puntuacións asignadas atópase no **ANEXO I** da presente resolución provisional.

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE
 BOLSAS ERASMUS+
 KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026**

DNI	PUNTUACIÓN TOTAL		GRADO FP	
	(100%)			
###03048E	8,85		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####5220C	8,436		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####8911P	8,3125		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####1624C	8,055		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####2576M	7,999		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####2122D	7,72		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####5281L	7,642		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####3762J	7,5		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####8060F	7,3885		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####0764R	7,1695		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####0442H	7,141		SUPERIOR	PRESELECCIONADO
####0418Z	5,471		SUPERIOR	RESERVA*
####7104P	3,225		SUPERIOR	RESERVA*

DISPOSICIÓN

Esta resolución ten carácter provisional e publicárase no taboleiro de anuncios e na web do centro: <https://erasmus.liceolapaz.com/>

O alumnado interesado poderá presentar solicitude de revisión ou reclamación no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación desta resolución. Transcorrido o prazo anterior sen reclamacións, a resolución considerarase definitiva.

O alumnado seleccionado deberá presentar debidamente cuberto e asinado o **Anexo II**, mediante o cal confirmará por escrito a súa aceptación da mobilidade Erasmus+ no prazo establecido, así como a conformidade coas condicións e obrigas derivadas da participación nesta mobilidade.

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE
BOLSAS ERASMUS+
KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026**

Recordamos e reiteramos que a preselección por parte do Departamento Erasmus+ non garante a realización efectiva da mobilidade, que dependerá exclusivamente da aceptación por parte da empresa de acollida e do cumprimento dos requisitos académicos e administrativos establecidos na convocatoria.

Esto implica que, baixo ningunha circunstancia o alumnado poderá mercar billetes nin realizar reservas de aloxamento sen confirmación oficial de ter superado todos os módulos e sen unha carta de aceptación asinada pola empresa de destino.

O alumnado participante comprométese a elaborar unha memoria final da súa experiencia Erasmus+, con texto e imaxes, que será publicada no blog e nas canles oficiais do centro.

**CPR PLURILINGÜE LICEO LA PAZ
DEPARTAMENTO DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS
COORDINACIÓN ERASMUS+
A CORUÑA, 2 DE DECEMBRO DE 2025**

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE
BOLSAS ERASMUS+
KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026**

ANEXO I



DNI	Expediente (0-10)	Idiomas (0-10)	Autonomía Docente 1	Autonomía Docente 2	Autonomía Docente 3	Media Autonomía	CV - Estructura (0-10)	CV - Contenido (0-10)	CV - Lenguaje (0-10)	CV - Prentación (0-10)	CV - Relevancia Frases	Media CV (0-10)	Carta - Motivación	Carta - Coherencia	Carta - Lengua (0-10)	Carta - Argument	Carta - Competencia	Media Carta (0-10)	Expediente 30%	Idiomas 30%	Autonomía 25%	CV 7,5%	Carta 7,5%	Puntuación Total	GRADO	PRESELECCIÓN	
###03048E	10	B2	10	10	10	10	9	9	9	9	9	9	9	9	9	9	9	9	9	3	2	2,5	0,675	0,675	8,85	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN
###5220C	9,62	B2	10	10	10	10	7,5	7,5	7,5	7,5	10	8	6	6	6	6	6	6	6	2,886	2	2,5	0,6	0,45	8,436	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN
###8911P	10	B1	10	10	10	10	7,5	7,5	7,5	7,5	10	7,5	10	10	10	10	10	10	3	1,5	2,5	0,5625	0,75	8,3125	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###1624C	6,85	B2	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	2,055	2	2,5	0,75	0,75	8,055	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###2576M	8,33	B1	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10	2,499	1,5	2,5	0,75	0,75	7,999	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###2122D	8	B1	10	10	10	10	7	7	7	7	10	7,6	10	10	10	10	10	10	2,4	1,5	2,5	0,57	0,75	7,72	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###5281L	8,14	B1	10	10	10	10	7,5	7,5	7,5	7,5	10	8	8	8	8	8	8	8	2,442	1,5	2,5	0,6	0,6	7,642	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###3762J	8	B1	9	9	9	9	8	8	8	8	10	8	10	10	10	10	10	10	2,4	1,5	2,25	0,6	0,75	7,5	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###8060F	7,42	B1	10	10	10	10	7,5	7,5	7,5	7,5	10	7,5	8	8	8	8	8	8	2,226	1,5	2,5	0,5625	0,6	7,3885	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###0764R	7,44	B1	10	10	10	10	7,5	7,5	7,5	7,5	10	7,5	5	5	5	5	5	5	2,232	1,5	2,5	0,5625	0,375	7,1695	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###0442H	7,22	B1	10	10	10	10	5	5	5	5	10	5	8	8	8	8	8	8	2,166	1,5	2,5	0,375	0,6	7,141	SUPERIOR	PRES ELECCIÓN	
###0418Z	7,57	B2	0	0	0	0	9	9	9	9	10	9	7	7	7	7	7	7	2,271	2	0	0,675	0,525	5,471	SUPERIOR	RESE RVA*	
###7104P	7,25	0	0	0	0	0	9	9	9	9	10	9	5	5	5	5	5	5	2,175	0	0	0,675	0,375	3,225	SUPERIOR	RESE RVA*	

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS+

KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026

ANEXO I

PROGRAMA ERASMUS+ CONVOCATORIA ORDINARIA 2025 CARTA DE COMPROMISO

Mobilidade de estudantes de Formación Profesional KA131 (Grao Superior) e K122 (Grao Medio) para prácticas FCT.

D./D^a con DNI, como participante no Proxecto Europeo Erasmus+ no curso 2024/2025, e alumno/a do ciclo formativo: do CPR Plurilingüe Liceo La Paz de A Coruña, comprométese a cumprir e acepta as seguintes condicións de participación:

- Comprender que a preselección por parte do Departamento Erasmus+ do centro non garante en ningún caso a realización dunha mobilidade Erasmus, xa que a participación definitiva do alumnado depende exclusivamente da aceptación por parte das empresas ou entidades de acollida.
- Cumprir con todas as normas do Programa Erasmus+ que estableza o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) e o CPR Plurilingüe Liceo La Paz.
- Cumprir e respectar todas as indicacións que o titor/a de prácticas e a coordinadora Erasmus+ do centro indiquen durante toda a mobilidade (tanto no centro como na empresa).
- Respectar todos os procedementos do Programa Erasmus+ do CPR Plurilingüe Liceo La Paz que afecten ao alumnado, e que estarán dispoñibles na web oficial do centro.
- Prestar o seu consentimento para o uso dos seus datos persoais pola coordinación do proxecto e pola empresa intermediaria no país de destino, co único obxecto de xestionar a mobilidade e a súa difusión institucional.

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS+

KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026

ANEXO II

- Mellorar as competencias lingüísticas no idioma do país de acollida. Seguir con aproveitamento os cursos en liña a través da plataforma OLS que o SEPIE pon á nosa disposición e/ou asistir, como mínimo, ao 80 % das clases presenciais de preparación lingüística e cultural que organice o centro.
- Asistir a todos os actos e reunións de preparación do programa que se convoquen, incluídas as actividades formativas de calquera tipo que poidan programarse. Estas actividades organizaranse, na medida do posible, sen interferir coas clases ordinarias. A falta de asistencia inxustificada a calquera delas suporá a baixa no programa.
- Superar todos os módulos necesarios para a realización da FCT. O alumnado que, estando inscrito no programa, non supere os módulos requiridos na convocatoria ordinaria, ou renuncie voluntariamente á mobilidade antes de iniciar a FCT, deberá devolver ao centro a totalidade da beca recibida, así como os gastos derivados da preparación da mobilidade (formación lingüística, seguros adicionais, etc.).
- Se na primeira avaliación de 2º curso o alumno/a suspende algún módulo, existirá o risco de que non poida realizar a FCT no período ordinario. O titor/a, o equipo docente e a coordinación Erasmus+ valorarán a súa permanencia no programa e adoptarán a decisión máis axeitada. Esta decisión poderá incluír o paso a lista de espera e a adxudicación da mobilidade ao seguinte alumno/a con maior puntuación no baremo de selección, ou, se é o caso, deixar a praza deserta.
- Así mesmo, baixo ningunha circunstancia o alumnado poderá mercar billetes de transporte nin realizar reservas de aloxamento sen ter confirmación oficial de ter superado todos os módulos do ciclo e sen dispor dunha carta de aceptación debidamente cumprimentada e asinada pola empresa ou entidade de acollida.

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS+

KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026

ANEXO II

- Se, por calquera circunstancia, o alumno/a causase baixa no programa, deberá devolver as cantidades gastadas na preparación da súa mobilidade ata ese momento (formación lingüística, seguros adicionais, etc.).
- Manter contacto permanente co titor/a da FCT e coa Coordinación Erasmus+ do centro antes, durante e despois do período de mobilidade.
- Cubrir e devolver asinada toda a documentación relativa ao desenvolvemento do módulo de FCT, mesmo mediante envío postal certificado se fose necesario.
- No caso do programa KA130-KA131 (ciclos formativos de grao superior), o alumnado é corresponsable da busca de empresa, aloxamento e organización da viaxe. En caso de incidencia con estes aspectos, o centro poderá interceder para facilitar a súa resolución, pero non se fará responsable dos mesmos.
- O alumnado debe ser consciente da súa situación de dependencia: realizando prácticas nunha empresa estranxeira e nun país cuxo idioma pode non dominar. Manter unha boa relación coa empresa é fundamental. En caso de xurdir problemas durante a mobilidade, deberán seguirse escrupulosamente os procedementos establecidos, tanto na empresa como a través do titor/a de FCT e da coordinación Erasmus+ do centro.
- Se as prácticas se interrompen por causas imputables ao alumno/a, este suspenderá o módulo de FCT ao non poder realizalo en España, e asumirá todos os gastos ocasionados ata o momento, incluída a devolución íntegra da beca e dos importes destinados á preparación da mobilidade.
- Obter a Tarxeta Sanitaria Europea ou documento equivalente antes da saída, así como posuír toda a documentación legal necesaria para viaxar ao país de destino. É recomendable dispor de DNI e pasaporte.
- Gardar e entregar á Coordinación Erasmus+ todas as facturas e xustificantes de gasto (gastos médicos, manutención, transporte e aloxamento) realizados durante a estadia.

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE
BOLSAS ERASMUS+
KA131-HED PARA FCT MARZO/JUNIO 2026
ANEXO II**

- En caso de accidente ou incidente durante as prácticas, é obrigatorio seguir o procedemento establecido pola compañía aseguradora. O CPR Plurilingüe Liceo La Paz non será responsable se o alumno/a actúa pola súa conta e non cumpre as indicacións da aseguradora, debendo asumir todos os gastos derivados desta actuación.
- Realizar as probas inicial e final de competencia lingüística, así como cubrir a enquisa EU SURVEY ao remate da mobilidade, requisito imprescindible para o ingreso do 20 % restante da beca.
- Se o alumno/a recibise partes de disciplina durante o curso, esta situación poderá supoñer a súa expulsión inmediata do programa e a devolución dos gastos ocasionados pola preparación da mobilidade.
- Manter o compromiso co proxecto máis alá da súa finalización, entregando a documentación pendente, os xustificantes de gasto e colaborando nas accións de difusión do proxecto (fotografías, vídeos, entrevistas, etc.).
- O alumnado participante no programa Erasmus+ comprométese a elaborar unha memoria final da súa experiencia de mobilidade, en formato dixital, que inclúa un texto redactado e fotografías representativas da súa estada no estranxeiro. Esta memoria deberá entregarse á Coordinación Erasmus+ do centro no prazo establecido trala finalización da mobilidade, co obxectivo de difundir a experiencia no blog e nas canles oficiais do centro educativo, promovendo así o valor formativo, cultural e persoal do programa Erasmus+ entre o resto do alumnado.

A Coruña, a de de 2025

Sinatura do/a alumno/a:

Sinatura do pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
(no caso de alumnado menor de idade ou economicamente dependente):